



CURSO 2026/27

CLASES PARA PERSOAS ADULTAS

A Escola Municipal de Música de Sanxenxo Lied_em, ofrece para as persoas adultas unha formación musical adaptada e personalizada das seguintes materias: **Linguaxe Musical, Óboe, frauta, Clarinete, Saxofón, Fagot, Trompa, Trompeta, Trombón, Tuba-Bombardino, Percusión, Violonchelo, Contrabaixo, Guitarra e Piano.**

CALENDARIO E HORARIOS

A actividade da Escola organízase en función do calendario escolar do Concello de Sanxenxo, polo que nos períodos de vacacións de Nadal, Entroido e Semana Santa, así como festivos e non lectivos marcados no calendario como oficiais, non se impartirán clases.

As clases de instrumento serán individuais cunha duración de 45 minutos. No caso de Linguaxe Musical será unha clase grupal de 90 minutos os xoves de 20,30 h a 22,00 h.

SOLICITUDE DE PRAZA PARA NOVO ALUMNADO

Para que as solicitudes sexan tramitadas deberase estar ao corrente dos pagos das taxas e/ou prezos públicos das Escolas Municipais nas que, de ser o caso, a persoa interesada estea ou estivese inscrita e/ou matriculada. A **solicitud de praza poderá facerse dende o 10 de setembro** e manterase aberto durante o curso co fin de cubrir as prazas vacantes. Farase no modelo normalizado presentándoo presencialmente no Pazo Emilia Pardo Bazán ou no enderezo electrónico lied_em@sanxenxo.es (dispoñible para a súa descarga no enlace <https://bit.ly/EscolaMunicipalMusicaSanxenxo>)

Unha vez confirmada a aceptación do/a alumno/a por parte da Escola deberase formalizar a matrícula cos seguintes pasos:

1º) Facer o pago da matrícula de calquera das seguintes maneiras:

- A través da OVT do O.A. Terra de Sanxenxo (<https://terradesanxenxo.ovt.gal/>) no enlace *Servizos dispoñibles sen Certificado Dixital >> Autoliquidacións* (concepto: Taxa prestación servizos (matrícula Escola Música)
- Presencialmente cos seguintes pasos:
 - 1º.- Solicitando o documento de pago na Concellería de Educación no Pazo Emilia Pardo Bazán ou no correo electrónico educacion@sanxenxo.org
 - 2º.- Realizando o pago en ABANCA, Banco Sabadell ou Banco Santander.

2º) Formalizar a matrícula: preferiblemente na sede electrónica do O. A. Terra de Sanxenxo: <https://terradesanxenxo.sedelectronica.gal> (é necesario dispoñer de DNle, Certificado Dixital e/ou os sistemas de claves concertadas de Cl@ve) ou de maneira presencial no rexistro do Concello (R/ Madrid, 1 – Sanxenxo) de luns a venres de 9,00 h a 14,00 h.

PREZOS

Matrícula anual	Mensualidade
Empadroados/as: 25,00 € Non empadroados/as: 31,25 €	Empadroados/as: 50 € Non empadroados/as: 62,50 €

Prezos reducidos na matrícula e mensualidades:

- Familias numerosas: 25% (deberase achegar título de familia numerosa).
- Familias acolledoras de menores con medidas administrativas de tutela ou garda: 100% (deberase achegar certificado de acollemento familiar).
- Familias usuarias dos servizos básicos comunitarios do municipio de Sanxenxo en situación de vulnerabilidade: 100%.

As mensualidades serán aboadas ao inicio de cada mes a través de domiciliación bancaria. Os gastos bancarios de devolución correrán a cargo da persoa solicitante.

CAUSAS DE BAIXA

Suporán a baixa na Escola e a perda da praza na mesma:

- A falta de asistencia continuada durante un mes sen causa xustificada.
- A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas.

COMUNICACIÓN CO ALUMNADO

As comunicacións da Escola co alumnado faranse a través da aplicación TOKAPP SCHOOL. É totalmente gratuíta, rápida, segura e unidireccional. Deberán descargala no teléfono e rexistrarse.

MÁIS INFORMACIÓN

Escola de Música Municipal Lied_em

Pazo Emilia Pardo Bazán, Trav. Miraflores, 3 – SANXENXO

Teléfono: 986 72 79 36 Enderezo electrónico: lied_em@sanxenxo.es